

As Peras Urracas

"...Vexo cargar barcos con peras Urracas e mazás Tabardillas.
Vexo, en fin, unha Terra farturenta, onde todos traballan e viven en paz..."
Así soñaban Bóveda e máis Castelao, según el mesmo di no "Sempre en Galiza".

O certo é que dende aqueles anos da guerra, a pera Urraca non fixo máis que ir desaparecendo, ata practicamente ser algo tesemuñal, algo así coma un mito que a xente non acaba de crer: todos oíron falar dela pero poucos a coñecen. Nos últimos anos sen embargo parece recuperarse o interese por esta pera que ben se podería considerar a raíña da súa especie; así polo menos a debía de considerar Álvaro Cunqueiro cando di: "*A pera Urraca é coma unha fin de raza, coma se tódalas familias ducais das peras do universo enteiro, deixaran nesta pera, máis ben pequena, vestida de escuro verde, os derradeiros azucres e arrecendos.*"

Pódese dicir que practicamente en calquera lugar de Galicia coñécese ou se oíu falar da pera Urraca, pero tamén é certo que non sempre esta pera corresponde en todos lados á mesma variedade. Isto da lugar a un grande confusionismo entorno a esta froita que todos cren coñecer. De tódolos xeitos, profundizando un pouco no tema, podémonos preguntar: habendo tantas peras coñecidas como Urraca ¿cómo saber realmente cal é a auténtica?. Poida que haxa quen non estea de acordo pero a resposta debería ser: "a máis frecuentemente encontrada en máis sitios diferentes". Con isto deberíamos ter resolto o problema, xa que moitas das Urracas só se poden atopar localmente en zonas moi reducidas mentres que a verdadeira Urraca está presente, aínda que con algunhas variacións clonais en moitos sitios. Querendo ser aínda máis precisos parece lóxico pensar que a Urraca lexítima debiera ser a máis bonita e sabedora de entre tódalas urracas auténticas, confirmando así a sona que colleu ó longo da historia.

Sobre a súa orixe non sabemos nada, e pouco máis sobre a súa historia recente. Pero é moi posible que se trate dunha variedade moi antiga dada a grande diversidade clonal que presenta. Como xa antes dixemos hai peras urracas que non son auténticas, pero sen embargo lémbrennos polo seu tamaño, aspecto ou sabor ás verdadeiras urracas; moitas delas posiblemente formen xunto coa verdadeira, a grande "**familia das peras urracas**", con parentes máis próximos ou máis lonxanos, igual que existen outros grupos varietais como as mazás "Tabardillas", ou de orixe non galego o grupo "Delicious". Dentro deste gran grupo quizais estarían a Urraca francesa máis grande e roxa. As Urracas brancas, riquísimas, e a única que coñecen nalgunhas zonas. A Urraca de Xermade moi temprá...e tantas outras que ó igual que a nosa Urraca lexítima, encóntranse en perigo de extinción. Todas elas teñen un sabor que recorda á Urraca

A gañadora do premio que outorgou a Asociación Galega da Froita autóctona do Eume (AGFA do Eume) á variedade en perigo de extinción e quizais a pera que deberíase de empregar no caso de que alguén se decidise a explotar esta variedade comercialmente na comarca baixa do Eume, polo seu aspecto e o seu sabor incomparable que a diferencia doutras urracas. Ó mesmo tempo debiera facerse un estudio científico serio sobre a diversidade xenética desta variedade, como xa tense feito na viña, para determinar cales son os clons máis interesantes para as zonas tradicionalmente produtoras desta pera, que sen dúbida ten grandes posibilidades de futuro.

Ramiro Javier Martínez Picos
Vicepresidente da AGFA do Eume

